

MARÍA VICTORIA MORENO

Foi nada un 1 de maio de 1939 na provincia de Cáceres, cando aínda semellaban asubiar as últimas balas da Guerra Civil.

Vasos de carton "ao galope" na mesa.

*A vida non era sinxela máis non hai obstáculos que a loita e gusto polo saber non poida esquivar coma **cabalo que salta obstáculos**.*

Estudou francés, catalán, e filoloxía románica, colaborando tamén coa ONCE lendo para invidentes.

Foi en 1963 cando chegou a Galicia e onde, coma un barco que chega por fin a porto, ficaria namorada da súa lingua e cultura.



Mestra das que ademais de ensinar inspiran, deu clase de literatura en diversos puntos de Galicia. Gosta da literatura de Cervantes, e o Quixote co xirar de muiños é unha das súas obras favoritas, como tamén o é o Principiño na súa viaxe espacial.

Eran tempos de ventos, chuvia, tempestades e treboadas, eran tempos de franquismo, malia todo ela continuaba a férrea defensa da lingua galega escribindo e impartindo cursos que chegan a pechar alguha porta dun portazo ao serlle retirado o pasaporte.

A súa paixon polas letras, e polas galegas en concreto, fai que de seguida comece a súa labor escritora nesta lingua destacando as ondas que coma nunha marea viva enchen o baleiro da literatura infantil coa obra mar adiante.

Comprometida cunha literatura de calidade para a infancia e xuventude ensina o castigo que reciben os déspotas a través dunha fábula dun fachendoso galo e as galiñas e pitiños que termina por ser un alegato a liberdade do vento na obra O cataventos

Coma neste exemplo os animais de distinta índole tamén son un aspecto relevante na súa obra, sempre ceives e non mascotizados.

Cultiva tamén a poesía e o conto poético no que as historias sonan coma unha melodía afinada.

É moi recoñecida a súa obra narrativa Anagnórise na cal Nicolau vive unha aventura vital nun trascorrer dunha viaxe en coche.

Este compromiso coa terra, a lingua, a xente e a infancia perdura ao longo da súa vida. Compromiso ideolóxico e loita personal que non cesan aínda cando o cancro de mama entra coma un golpe de látego na súa vida. A batalla contra a enfermidade relátaa con maestría no seu Diario da luz e a sombra.

É este cancro de mama o que remata coa súa vida en novembro de 2005, ela fina deixando un importante legado literario así coma un exemplo de loita personal e ideolóxica que nestas Letras Galegas lembramos.